FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com

ACTA 4/2025

REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2025.

En Santiago de Compostela, no hotel Santiago Apostol, sendo as 10:00 horas do día 29 de novembro de 2025 ,en segunda convocatoria, reúnese a **ASEMBLEA XERAL DA FCG, con carácter ordinario** presidida por D. Enrique Freire Sobral , actuando como Secretario accidental D. José R. Costas Carbajal, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:
D. Enrique Freire Sobral

ESTAMENTO DE CLUBS:
D. ENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ (C.C.Pombas do Val Miñor)
D. DANIEL RODRÍGUEZ DOPAZO (C.C.Alas Compostelanas)
D. CARLOS FERNÁNDEZ REY (C.C.Pombas do Salnés)
D. PABLO PEREZ LAGO (C.C.Porriño)
D. JOSÉ R. COSTAS CARBAJAL (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. David Rodríguez Romero**
D.MANUEL BARCIELA BASTOS (C.C.Mensaxeiras de Nigrán) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. José M. Maciel Comesaña**
D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)
D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (C.C.Pombas da Mariña)
D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)
D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)
D. JULIO PAZ RUIZ (C.C.Herculino)
D. NICU FLORIN BADEA (Mensajeras de Cambre) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. Carlos Buiño Pereira**

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:
D. MANUEL VILABOA ALMEIDA
D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ
D. ANGEL TORRE IGLESIAS
D. JESÚS O. BUDIÑO PEREIRA

ESTAMENTO DE XUICES:
D. OSCAR SANJURJO GONZÁLEZ

Escusan a súa asistencia:

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)
D. PEDRO BECERRA GONZALEZ (Estamento de Xuices)
D. JESUS RODRÍGUEZ COSTAS (Estamento de Deportistas)
D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ (Estamento de Deportistas)
D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS (Estamento de Deportistas)

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com

D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)
D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO (Estamento de Deportistas)

Autorízase a asistencia a esta reunión como convidados a D. Paulo Navarro e a D. Oscar Martínez Mañana con voz pero sen voto.

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior
2.- Coñecemento do Balance Económico ao 31-10-2025
3.- Orzamento económico para o ano 2026
4.- Borrador calendario deportivo 2026 (consensuado na reunión de presidentes do pasado día 25 de outubro)
5.- Modificacións ao Regulamento Deportivo
***6.*-"LV" Exposición Galega da Pomba Mensaxeira**
7.- Exposicón Nacional da Pomba Mensaxeira 2025
8.- Aprobación dos resultados deportivos da temporada 2025.
9.- problemática xurdida nos clubs lucense e aires de lemos, respecto as desigualdades na competición con outros clubs da provincia de lugo.
10.- "Proxecto Escola Colombófila A Canteira" (Presentación a cargo de Oscar Martínez Mañana)
11.- Rogos e preguntas

Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.
Os asistentes coñecen o acta nº 3 de data 17 de maio de 2025 que se lles remitiu coa convocatoria.
Non realizándose ningunha obxección á mesma, é aprobada por unanimidade.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31-10-2025
Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 23-11-2025 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas.

Acordos económicos adoptados nesta reunión:

Acordase nesta reunión que o sistema de cobranza fágase de igual maneira que se fixo este ano:
"*Realizaranse os cargos en función do custo de cada unha das fases que compoñen o calendario deportivo sobre as pombas comunicadas na primeira solta de cada fase*

sumando este número en cada unha das soltas que compoñen cada fase. Se se mandan máis pombas que as comunicadas na primeira solta sumaranse ás comunicadas nesta primeira solta. Sobre os custos de cada fase aplicarase uns descontos porcentuais da subvención que serán os que se obteñan despois de realizar un estudo económico sobre este tema e antes de comezar a campaña deportiva. Estas porcentaxes da subvención aplicaranse ao final da campaña".

Os importes destinados á subvención para a campaña deportiva 2025, estarán determinados pola suma da achega da Subvención da Xunta de Galicia máis o importe obtido do incremento no prezo das licenzas federativas na categoría absoluta (nº licenzas absolutas x 28.- €).

Acórdase tamén continuar co mesmo prezo de licenzas

En canto aos cargos para pasar aos club polos gastos ocasionados polo mantemento da páxina web e programas informáticos para o ano que vén, acórdase por unanimidade o seguinte:
- Prorratear o gasto do mantemento da web por número de licenzas absolutas de cada club para a tempada deportiva 2026

- Establecer o cargo por club correspondente ao custo dos programas informáticos no 1º trimestre do ano, porque cada club ten a sua licencia.

Ponse de manifesto nesta reunión a cobranza de anes de niño doutras federacións, debéndose cobrar as que aparezan no CN1 de cada socio a un prezo de 0,75.- euros, debendo ser os clubs os que deben comunicar á FCG a relación destes anels de niño do seu club.
Dadas as dúbidas xurdidas por este tema entre os asistentes, leva a cabo a votación a este tema, sendo o resultado:
Votos a favor: 11
Votos en contra: 6 (Enrique García Rodríguez, Rafael Piñeiro Rodríguez, Julio Paz Ruiz, Daniel Rodriguez Dopazo, Pablo Pérez Lago, Carlos Fernandez Rey)
Abstencions: 0
Segundo os resultados desta votación, apróbase este punto
Apróbase por unanimidade o balance ao 23-11-25 presentado nesta reunión

Terceiro.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2026.
Continúa a sesión e toma de novo a palabra D. José Ramón Costas Carbajal, Tesoureiro da F.C.G. informando das diversas partidas que compoñen o proxecto de orzamento 2026, relativas a ingresos e gastos, estimando unha suma de ingresos por importe de 87.243,46 € e a súa igual contrapartida en gastos, tratándose dun orzamento moi prudente e equilibrado co obxectivo de cero beneficio e cero perdas.
Apróbase por unanimidade o orzamento económico para o vindeiro ano

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com

Cuarto.- BORRADOR CALENDARIO DEPORTIVO 2026 (CONSENSUADO NA REUNIÓN DE PRESIDENTES DO PASADO DÍA 25 DE OUTUBRO).
Comézase este punto discutindo se o calendario deportivo proposto é o que se aprobou en Santiago na reunión de presidentes, xa que na devandita reunión falouse de incluír unha fase de velocidade. Bótase en falta unha acta da reunión de presidentes.

Proponse a seguinte fase de Velocidade:
A GUDIÑA (Enceste el 14 de marzo)
A GUDIÑA (Enceste el 21 de marzo)
BENAVENTE (Enceste el 28 de marzo)

Este campeonato se ajusta a la siguiente normativa:
- Non computa para o campionato de seguridade curto
- Esta fase non é subvencionable pola Federación
- Non aporta puntos para o mellor club de Galicia
- Non computa para o campionato de maratón.
- teñen que celebrarse un mínimo de dúas soltas para darlle validez a este campionato

Leva a cabo a votación para a súa aprobación, sendo o resultado:
Votos a favor: 10
Votos en contra: 0
Abstancións: 7
Apróbase a fase de velocidade

Apróbase por unanimidade o calendario deportivo 2026 incluindo a fase de velocidade + o resto do caldendario presentado na reunión de presidentes.

Quinto.- MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO DEPORTIVO
Toma a palabra o Sr. Ángel Torre Iglesias para expoñer a proposta presentada polo seu club en canto á modificación do trofeo "Mellor Club de Galicia" consistente esta modificación como se detalla:

"*Proponemos que este campeonato se convierta en provincial. Un trofeo o diploma para el mejor club de cada provincia.*
Fundamento: se da la circunstancia de que, en algunas de las provincias de Galicia el número de participantes en las últimas sueltas es escaso, razón por la cual los puntos que se aglutinan a lo largo de los campeonatos lo hacen en una o en dos sociedades;

en consecuencia, es imposible superarlos en ninguna de las otras provincias, donde el nivel de participación es mucho mayor y los puntos se reparten entre varios clubes".

Unha vez finalizada a súa intervención leva a cabo a votación para determinar a aprobación ou non desta proposta, sendo o resultado da mesma:
Votos a favor: 13
Votos en contra: 0
Abstencións: 4 (Lois Seijo, Oscar Martínez, Carlos Fernández, Oscar Sanjurjo)
Dando por aprobado esta modificación ao regulamento deportivo.

Nota: o resto de artigos veranse modificados na medida do que se aprobe nesta Asemblea.

Sexto.- "LV" EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA
Toma a palabra o Sr. Lois Seijo como presidente do club organizador da exposición, trasladando aos membros asistentes a incerteza que existe nestes momentos para a celebración da mesma motivada pola gripe aviaria.
De todas as maneiras, tanto a comida como a entrega de premios hai que facelos.
O Sr. Angel Torres propón que se a exposición non se chega a realizar, trasládense a comida e entrega de trofeos a Santiago. Sendo desestima esta proposta polos membros asistentes.
As datas para a celebración desta exposición son os días 3 e 4 de xaneiro 2026 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Sétimo.- EXPOSICÓN NACIONAL DA POMBA MENSAXEIRA 2025
Sobre este punto non se comenta nada debido a que aínda non hai unha confirmación oficial por parte da RFCE sobre a exposición nacional

Oitavo.- APROBACIÓN DOS RESULTADOS DEPORTIVOS DA TEMPORADA 2025.
Apróbanse os resultados deportivos desta campaña deportiva 2025 por unanimidade.

Noveno.- PROBLEMÁTICA XURDIDA NOS CLUBS LUCENSE E AIRES DE LEMOS, RESPECTO A As DESIGUALDADES NA COMPETICIÓN CON OUTROS CLUBS DA PROVINCIA DE LUGO.
Toma a palabra o Sr. Jaime López para expoñer a problemática que se está producindo no sur da provincia de Lugo co seu club, o club Lucense e socios do club Terracha, motivado por arrástrelos que sofren debido ao número de pombas coas que participan os socios dos clubs do norte desta provincia, motivando perdas de pombas ou non conseguindo os resultados desexados en cada solta.
Propón como medida de solución realizar un campionato provincial por rayones (zona norte e zona sur) soamente para as soltas curtas, ou sexa, as tres soltas de Medio Fondo.

Ponse en coñecemento dos membros asistentes que se recibiron correos electrónicos dirixidos á secretaría desta Federación por parte do presidente do club Terracha (Javier Fernández Pena) e de Jesús Rodríguez Costas, membro desta asemblea polo estamento de Deportistas, comunicando a imposibilidade de asistir a esta reunión, pero que aproban e apoian esta proposta.
leva a votación:

- Este cambio só aplicarase nas soltas de Medio Fondo, o resto dos campionatos nos que participen aplicarase a normativa vixente.
- Antes de empezar a campaña deportiva, deberán comunicar os pombais que entrarían neste "experimento" que só será para a campaña deportiva 2026.
- Os pombais afectados polo rayón da zona sur, non entrarían en ningún campionato que afecte ás soltas de Medio Fondo.
- Obrigatoriedade de confeccionar o CN1 de enceste de cada unha das soltas nas que participen.
- As pombas da provincia de Lugo, tanto a zona norte como a zona sur, soltarán de últimos.

O resultado da votación foi:
Votos a favor: 5
Votos en contra: 3 (Manuel Barciela, Angel Torres, Ramón Iglesias)
Abstencións: 9
Dáse por aprobada esta proposta

Décimo.- "PROXECTO ESCOLA COLOMBÓFILA A CANTEIRA" (PRESENTACIÓN A CARGO DE OSCAR MARTÍNEZ MAÑANA).
Toma a palabra o Sr. Óscar Martínez para expoñer o seu proxecto de centro colombófilo "A Canteira", do que todos os membros asistentes teñen unha copia. Unha vez acabada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Angel Torres para dar a súa opinión sobre este tema, indicando que este proxecto ten ánimo de lucro e que para involucrar á Federación nel, deber ser reformulado como proxecto sen ánimo de lucro. Unha vez rematada esta intervención leva a cabo a votación a este punto do orde día, resultando a votación:
Votos a favor: 0
Votos en contra: Angel Torre Iglesias, Manuel Barciela Bastos, Enrique García Rodríguez e Julio Paz Ruiz.
Abstencións: 13
Non se aproba este punto

Undécimo.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- Proponse nesta reunión que só se realizarán reanillados nos clubs, non no transcurso dunha solta. A RFCE segue tendo esa potestade, pero o reanillado solicitado pola FCG farase única e exclusivamente na sociedade de orixe das pombas.
Apróbase por unanimidade

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com

2.- Paulo Navarro propón a colocación de cámaras con tarxeta SIM en cada camión. O custo das cámaras sería de 59.-€ cada unha máis dous trípodes para as cámaras. O gasto da conexión 4G para os 5 meses de campaña sería de 100.- €.
Apróbase por unanimidade a adquisición deste material.

3.- Angel Torre Iglesias:
- Propón que ás soltas de gran fondo vaian dous camioneiros.
- Propón que sería moi importante recuperar a memoria histórica para a páxina web.
En contestación a esta última proposta o Sr. Paulo Navarro comprométese a publicar toda a documentación, xa sexa ordenado ou todo agrupado como ata o de agora.
Apróbase por unanimidade que vaian 2 camioneiros a cada unha das soltas de gran fondo (a expensas de que a empresa de transportes póidao executar)

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. José R. Costas Carbajal
-Secretario accidental-